



RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL

Unha vez examinada a resolución o 30.07.2025 ditada polo Departamento Territorial da Coruña pola que se denega a ampliación do prazo para a utilización de cordas de chicoteo nas bateas dos polígonos de cultivo do ámbito de competencia do Departamento Territorial da Consellería do Mar na Coruña, compre indicar:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con data 30.07.2025, este departamento territorial ditou resolución pola que se acordou denegar a ampliación do prazo para a utilización de cordas de chicoteo nas bateas dos polígonos de cultivo o ámbito da súa competencia.

Segundo.- Logo de ditarse a citada resolución, detectouse que existe un erro consistente en que, na consideración legal e técnica número cinco, onde di:

*"O informe do día **29.05.2025** asinado polo subdirector xeral de Acuicultura e o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura é desfavorable a ampliación de prazo solicitada por FEMEX [...]"*

Debería dicir:

*"O informe do día **30.07.2025** asinado polo subdirector xeral de Acuicultura e o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura é desfavorable a ampliación de prazo solicitada por FEMEX [...]"*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De conformidade co disposto no artigo 3.2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a competencia para a resolver sobre as rectificacións de erros materiais, de feito ou aritméticos, corresponde ao propio órgano administrativo que ditou o acto.

A resolución do 30.07.2025 foi ditada polo Departamento Territorial da Coruña da Consellería do Mar por conseguinte, corresponde ao mesmo órgano resolver sobre a presente rectificación de erros materiais.

Segundo.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas dispón, no seu artigo 109.2, o seguinte: "As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".





Visto o expediente administrativo e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas o Departamento Territorial da Coruña

ACORDA

1. **Rectificar a resolución** pola que se acordou denegar a ampliación do prazo para a utilización de cordas de chicoteo nas bateas dos polígonos de cultivo do ámbito de competencia do Departamento Territorial da Consellería do Mar na Coruña, facendo constar que na consideración legal e técnica número cinco, onde di:

*"O informe do día **29.05.2025** asinado polo subdirector xeral de Acuicultura e o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura é desfavorable a ampliación de prazo solicitada por FEMEX [...]"*

Debería dicir:

*"O informe do día **30.07.2025** asinado polo subdirector xeral de Acuicultura e o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura é desfavorable a ampliación de prazo solicitada por FEMEX [...]"*

2. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contando desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236, do 2 de outubro de 2015)

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A directora territorial

P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)

O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

Miguel Gómez Losada

